



PROTOCOLO DE PREVENCIÓN DO COVID – 19 DURANTE A CELEBRACIÓN DO CAMPAMENTO DEPORTIVO DE VERÁN CONCELLO DE MONFORTE 2020

O Concello de Monforte, como organizador do Campamento Deportivo e Verán 2020, diseña o seguinte protocolo de prevención do COVID-19 durante a duración da actividade:

1. Co fin de que todos/as os/as alumnos/as teñan o espazo suficiente para poder practicar a actividade con total seguridade se establecen tres zonas diferenciadas entre as que se repartirán os oito grupos nos que se organiza cada una das quendas do campamento. Os espazos son os seguintes:

- **Pavillón Municipal da Pinguela**, incluíndo zonas exteriores e Pistas Municipais de Atletismo.
- **Pavillón do IES Pinguela**, incluíndo zonas exteriores e Pistas Municipais de Atletismo.
- **Pavillón do Colexio Escolapios**, incluíndo zonas exteriores e campo de fútbol.

Estes espazos serán fixos para cada grupo durante a duración de cada unha das quendas. Deste xeito no Pavillón Municipal da Pinguela haberá instalados 3 grupos, no pavillón do IES Pinguela 3 grupos e no pavillón do Colexio Escolapios 2 grupos.

No interior de cada unha das instalacións haberá espazos delimitados que serán de uso exclusivo para cada grupo durante a duración de cada unha das quendas.

2. **Grupos reducidos:** cada grupo estará formado por un máximo de 10 persoas incluído o/a monitor/a que serán estables durante a duración de cada quenda.
3. **Monitores/as fixos/as durante toda a quenda:** cada grupo terá asignado un/unha monitor/a que será o/a mesmo/a durante toda a quenda.
4. **Entrada e saída do campamento:**

Os alumnos e alumnas que non utilicen o transporte terán que acudir todos os días ás 10:00 h. ó pavillón que teñen asignado.

O punto de chegada de cada unha das instalacións é o seguinte:



-Pavillón Municipal da Pinguela: entrada principal.




-Pavillón do IES Pinguela: entrada lateral





-Pavillón Colexio Escolapios: entrada polo aparcamento do Parque dos Condes



En cada instalación, un/unha monitor/a esperará ós nenos/as no exterior. De xeito graduado o monitor identificará a cada un dos nenos/as á súa chegada, lle dará unha máscara e xel desinfectante para desinfectar as mans, e posteriormente accederán á instalación.

Non está permitido o acceso de acompañantes ás instalacións.

No momento da saída as persoas responsables dos nenos/as poderanos recoller no mesmo punto que onde os deixaron na hora de inicio. O monitor/a responsable só permitirá a saída dos/das nenos/as coas persoas identificadas como responsables destes na matrícula.

Os alumnos/as que utilicen transporte deberán estar á hora fixada na parada que indicaron na matrícula. Todos/as aqueles/as que non estean á hora na parada perderán o transporte.

No momento de acceder ó autobús un/unha monitor/a lle dará a cada neno/a unha máscara e xel desinfectante para as mans.



5. Desinfección de espazos: diariamente, e unha vez finalizada a actividade, procederase á limpeza e desinfección de cada instalación.

6. Material de actividades:

Cada grupo terá o seu material deportivo que será para o seu uso específico.

Cada neno/a terá un kit individual (tesoira, goma, lapis, etc.) que será o seu material para toda a quenda.

O material compartido entre os membros do mesmo grupo será desinfectado de xeito periódico por parte do monitor/a.

7. Durante as actividades:

Se aplicarán normas extraordinarias de hixiene diaria e de convivencia adaptadas a cada actividade:

- O primeiro día de cada quenda se dará unha charla informativa a cada grupo e adaptada ás distintas idades sobre como cumprir coas medidas de hixiene e seguridade vixentes. Esta formación será continuada e parte transversal de todo o campamento, dedicando diariamente un tempo a esta causa en actividades e dinámicas.
- Desinfección de mans á entrada e saída de espazos.
- Lavado de mans con auga e xabón antes e despois da merenda, así como cando se proceda a xogar con material deportivo.
- Limpeza e desinfección, de xeito periódico, do material deportivo compartido.
- Os monitores/as estarán atentos/as a posibles síntomas para poder comunicarllo ás familias e ó Concello.
- Non está permitido compartir botellas, comida ou beber das fontes de auga.

8. No caso de síntomas compatibles co COVID-19:

Ante a aparición de síntomas unha vez se inicien os campamentos o participante deberá interromper a súa asistencia no caso de que os síntomas se detecten fora do horario de actividade. Os responsables do alumno deberán



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS

informar da situación ós organizadores para que se inicien os protocolos e actuacións establecidas.

No caso de que os síntomas sexan detectados durante a actividade o monitor deberá dar parte inmediatamente ó director/a do campamento que se poñerá en contacto co Concello de Monforte e cos responsables do alumno/a e se iniciarán os protocolos e actuacións establecidas.